

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 24 de outubro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1192).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1193).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CELTA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DO FÚTBOL BASE NA CIDADE. EXPTE. 13056/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 09/10/14, do director deportivo do IMD que figura conformado polo concelleiro de

Deportes e pola concelleira de Facenda; informado xuridicamente o 10/10 e fiscalizado o 21/10, que di o seguinte:

*“Atendendo á adecuación da proposta, procédese a dar continuidade ó expediente de subvención a través dun convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Fundación Celta de Vigo polo desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base durante a tempada deportiva 2013/2014:*

*A Fundación Celta de Vigo foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo, o día 17 de xullo 1996, e declarada de interese Galego por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 29 de outubro de 1996.*

*Esta Fundación, ao amparo do establecido no artigo 5 dos seus estatutos, ten por obxecto e finalidade, entre outros, fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos.*

*Neste sentido, a Fundación Celta de Vigo desenvolve actuacións encamiñadas á dinamización de actividades deportivas relacionadas coa práctica do fútbol, e a promoción de actuacións vinculadas ó fomento desta modalidade, así como outras actividades relacionadas ou derivadas de dita práctica, fundamentalmente orientadas ás categorías base.*

*Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do programa de fútbol base da Fundación Celta de Vigo, supón a principal actividade desta entidade cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola súa tradición no fútbol de Vigo, como pola súa importancia mediática e social, tanto na propia cidade como no resto do territorio nacional, oa estar relacionada directamente co R.C. Celta de Vigo e o seu equipo na máxima categoría do fútbol.*

*O programa que presenta a Fundación Celta de Vigo dentro do obxecto deste expediente de subvención, oriéntase fundamentalmente á dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete, así como no resto de competicións e categorías de carácter máis formativo, como a Liga Galega Cadete ou a Liga Alevín Provincial. Ademáis, como parte do proceso formativo, os diferentes equipos do proxecto, compiten nalgúns dos Torneos de nivel nacional e internacional nos que se dan cita equipos base de equipos de todo o mundo, como o LFP Aspire Challenge de Qatar, o Torneo Internacional Fundación Real Sociedad, o Triangular La Caridad de Asturias, o Torneo Cesaraugusta, o Torneo Piru Gainza de Vizcaia, o Torneo Llanes Cup, a Danone Cup ou o Torneo Internacional Fundación Larguero que se celebrou en Perú.*

*Por todo o exposto, tendo en conta a consideración de que esta subvención responde á propia relevancia da actividade desta entidade, ó tempo que a súa colaboración coa administración pretende a consolidación do proxecto deportivo considerado de interese para o desenvolvemento do proxecto da cidade de Vigo e o deporte en función das seguintes actuacións transversais entre o Concello e a propia Fundación Celta de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución armónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*

- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- *Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".*

*Ante estes aspectos atopamos criterios suficientes que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, para o cal, propónse a resolución desta subvención directa a través do regulado nas cláusulas do convenio que se adxunta entre o Concello de Vigo e a entidade FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.*

*En relación a esta proposta de subvención temos que indicar que no orzamento aprobado polo Concello de Vigo para o ano 2014, na sesión plenaria do 13 de xuño de 2014, figura unha partida nominativa "3410.489.00.16. subvención Fundación Celta de Vigo", para o desenvolvemento desta actuación. Sobre o importe desta partida nominativa debemos indicar que o importe real da mesma no orzamento aprobado non se corresponde por un erro aritmético coa intención orzamentaria xa que no proceso de exposición público do orzamento, con data 11 de abril do 2014, foi presentada unha moción por parte do portavoz do Grupo Municipal Socialista, para corrixir o importe en dita partida de subvención a Fundación Celta, cun importe de 250.000,00 €, e debido a un erro na identificación numérica da partida, dito importe se aplicou a partida "3410.489.00.02", que atende a proposta de subvención nominativa a favor da Fundación VIDE. Tal erro queda constatado en dous aspectos, por un lado a subvención nominativa a VIDE xa foi tramitada de acordo o expediente 13006/333. Dito expediente foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25 de abril de 2014 coa resolución de aprobación da concesión directa dunha subvención polo importe de 125.000,00 €, e por outro lado dito importe correspóndese co importe destinado de forma xeral por parte do Concello a esta entidade.*

*Polo exposto, a proposta de subvención a Fundación Celta de Vigo, por parte do Concello de Vigo estaba prevista baixo a intención de desenvolverse de acordo a previsión orzamentaria nominativa de 250.000,00 €, pero debido o erro aritmético exposto anteriormente, a partida aprobada no orzamento vixente 3410.489.00.16. subvención Fundación Celta de Vigo, ten un crédito de 125.000,00 €, pero na vinculación da "bolsa" "3410,48", atopámonos os 125.000,00 €, erroneamente aplicados a partida da Fundación VIDE.*

*En relación a este aspecto, debemos destacar que o proxecto presentado pola Fundación Celta de Vigo desenvólto durante a tempada deportiva 2013/2014, responde a un traballo que podese catalogar de exclusivo, xa que a Fundación Celta de Vigo e a única cun proxecto de semellante desenvolvemento deportivo, tanto polo número de equipos como pola categoría deportiva dos mesmos no ámbito do fútbol base da cidade, polo exposto, a subvención proposta a través deste expediente, ademais de responder o desenvolvemento da propia partida nominativa para esta*

subvención, podese indicar que por tratarse dun proxecto tan específico non existiría concorrencia e ademais o alto interese deportivo, público e social vinculado a propia actuación da Fundación Celta de Vigo, así como o propio proxecto deportivo desenvolto, definen a mesma dentro dos aspectos previstos no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta estes criterios e a actuación levada a cabo pola Fundación Celta de Vigo, plantéase a presente proposta de convenio para a adxudicación dunha subvención a Fundación Celta de Vigo. A proposta de subvención ten en conta o alcance do orzamento destinado pola Fundación Celta a execución do proxecto de dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que de acordo coa memoria presentada, que se adxunta a este expediente ascende a un gasto total de 361,529,38 €, polo cal a proposta de subvención e de 262.440,00 €.

A proposta desta subvención contempla un importe maior do crédito da partida nominativa, o cal corresponde coa aplicación dos 125.000,00 €, do erro aritmético exposto, e o incremento de 12.440,00 inicialmente non previsto, obedece por un lado á necesidade de adecuar dito importe a realidade do proxecto executado, e por outro lado, contempla a oportunidade de operativizar para a execución desta subvención, recursos previstos con carácter xeral na vinculación "3410.48" e que non se atopan comprometidos en ningún expediente tramitado, e que ademais no período de execución orzamentaria no cal nos atopamos, non terán ningunha incidencia negativa no funcionamento xeral do servizo. Polo cal, o importe proposto para coadxuvar á financiación que supuxo o desenvolvemento do programa de fomento do fútbol base desenvolvido pola propia Fundación Celta de Vigo na cidade de Vigo na tempada 2013/2014 ascende o importe de 262.440,00€. Dito importe financiarase a través dos créditos existentes nas partidas: 3410.489.00.16, 3410.489.00.02, 3410.489.00.00 e 3410.489.00.01 vinculación a partida

A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o recollido na base 38 das de execución do orzamento do Concello de Vigo.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar á financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de fútbol base desenvolvido na cidade de Vigo na tempada deportiva 2013/2014.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

A Fundación Celta de Vigo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e o destino previsto para a subvención solicitada.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Fundación Celta de Vigo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A beneficiaria, presentou o proxecto que xustifica o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención. Tras a aprobación da presente resolución, a beneficiaria trala sinatura do convenio que regula a mesma, deberá presentar os xustificantes dos gastos incorridos con

facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

Previamente a efectuarse a proposta, debe emitirse informe xurídico e informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*PRIMEIRA:* Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes o a entidade FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, para a concesión dunha subvención en relación o proxecto de PROMOCION DO FUTBOL BASE a traves da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo, que contan con equipos que participan nas competicións de maior nivel deportivo de carácter nacional e autonómico, como a Liga de División de Honra Xuvenil, ou a Liga de División de Honra Cadete.

*SEGUNDA:* Autorizar o gasto polo importe de 262.440,00 €. a favor da Fundación Celta de Vigo, co CIF: G-36810042, con enderezo social na Rúa Conde de Gondomar, 1, en Vigo, en concepto de subvención directa en base o convenio para o desenvolvemento do proxecto PROMOCION DO FUTBOL BASE a traves da dinamización, dirección, coordinación e xestión das categorías inferiores do R.C. Celta de Vigo. Este crédito é con cargo ás seguintes partidas do vixente orzamento:

- 125.000,00€ con cargo á partida 3410.489.00.16.
- 125.000,00€ con cargo á partida 3410.489.00.02.
- 12.440,00€ con cargo á bolsa de vinculación 3410.48.

*TERCEIRO:* Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

### **3(1194).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORAS NO PARQUE INFANTIL DE TORRECEDEIRA”. EXPTE. 7652/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do 21/10/14, do xefe de Parques e Xardíns, asinado polo asesor xurídico e conformado polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“1.- *Antecedentes*

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA S.L.P., presenta o proxecto de “MELLORAS EN PARQUE INFANTIL DE TORRECEDEIRA”, redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA, XEFE DO DEPARTAMENTO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS GILBERTO MOLDES CRESPO, cun orzamento base de licitación máis IVE de COARENTA E SETE MIL CENTO COARENTA E OITO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (47.148,63 €).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

*Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. O Libro II do TRLCSF contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.*

*O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.*

*Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSF.*

*O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro da empresa Vilar Montoro Ingeniería S. L. P.*

*En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSF e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.*

*O proxecto ten por obxecto arranxos no pavimento en aquelas zonas que o requira, ademais instalarse un xogo. Na explanada poranse novas pérgolas e será necesario a realización dunha pequena lousa de formigón.*

*A maiores instalarse unha pequena rede de rego por goteo para poder garantir o bo mantemento das plantas dos novos maceteiros.*

*O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES.*

*Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.*

*Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das*

*Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.*

*Por isto o expediente debe ser remitido á Intevención Xeral por si, pola súa natureza, considérase preciso informalo previamente a sometelo a coñecemento e resolución da Xunta de Goberno Local.*

*Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.*

*Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.*

*Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**PROPOSTA:**

*1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA S. L. P. para a , “MELLORAS EN PARQUE INFANTIL DE TORRECEDEIRA”, dirixido polo ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA E XEFE DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, GILBERTO MOLDES CRESPO, cun orzamento base de licitación de COARENTA E SETE MIL CENTO COARENTA E OITO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (47.148,63 €) e un prazo de execución de 2 meses. A financiación das obras será realizada da seguinte maneira:*

*- 47.148,63 € con cargo a aplicación orzamentaria 1710.619.00.11, “Melloras en parques infantís-Torrecedeira (Pavillón Berbés)-Matamá (Ribás)”, do orzamento do presente exercicio 2014.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**4(1195).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO PARQUE DE CASTRELOS”. EXPTE. 7278/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 20/10/14, do xefe de Parques e Xardíns, asinado polo asesor xurídico e polos concelleiros de área e de Facenda; constando fiscalizado o 23/10/14, di o seguinte:

*“1.-Antecedentes.*

*A inversión vinculada o presente expediente atópase incluída no ámbito da modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que ten por finalidade aplicar o superávit orzamentario correspondente ao ano 2012, e como suxeita á condición de que tal investimento debe respectar o principio de que sexa financeiramente sustentable ao longo da súa vida útil, polo tanto cumprir as previsións establecidas na D.A. 16ª do TRLRFL. Esto supón en concreto o seguinte:*

- Que esta inversión ten como obxecto a rehabilitación e reparación de infraestruturas en inmobles propiedade da entidade local, polo cal a mesma atopase vinculada o programa 171 Parques e xardins.*

- *Que de acordo co punto 5 da D.A. 16ª do TRLRFL, a iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigas económicas derivadas da inversión executada, deberán realizarse antes da finalización do exercicio de aplicación, o que queda garantizado neste expediente atendendo á data prevista para o inicio das obras e a o seu prazo máximo de duración.*
- *Que de acordo co estipulado na Orde EHA/3565/2008, as actuacións contempladas neste proxecto teñen a consideración de “inversións reais”, xa que as mesmas correspóndense con gastos destinados maioritariamente a actuacións de rehabilitación e reparación dos parques infantís de titularidade municipal. En concreto esta actuación atende as necesidades de mellora substituíndo elementos, incrementando o número e diversidade e mellorando o pavimento amortiguador.*
- *Que en relación a obriga que se establece no apartado 2º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, debe ter unha vida útil non inferior a cinco anos, esta condición cumprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións realizadas a través de la utilización de elementos construtivos con unha vida útil en todos os casos maior do límite establecido, entendendo por vida útil a previsión do tempo durante o cal son susceptibles de ser utilizados os elementos de xogo cos requisitos de seguridad esixidos pola lexislación.*
- *Que en relación a obriga que se establece no apartado 6º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, cumpra cos obxectivos de que a mesma non sexa xeradora de gastos futuros no horizonte da súa vida útil, esta condición tamén se cumpre en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións de mellora e renovación de elementos que suporán un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que evitarán gastos de reparación e mantemento ordinario, convertíndose nun instrumento xerador de agorro para este concello.*

*Xa en relación coa tramitación deste expediente, destacar que con data 23 de setembro de 2014 o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras.*

*No expediente inclúese a seguinte documentación:*

- *Memoria e orzamento do proxecto de data 30 de setembro de 2013*
- *Informe elaborado por Arquitecta Municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de outubro de 2013*
- *Remisión da memoria e orzamento a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de data 14 de outubro de 2013*
- *Autorización da remodelación do parque emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de data 2 de decembro de 2013*
- *Informe da Arquitecta Municipal de data 23 de abril de 2014*
- *Remisión da memoria e orzamento de data 11 de abril de 2014 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia*
- *Requirimento de documentación por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de data 16 de xuño de 2014*
- *Remisión de informe e plano a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de data 27 de xuño de 2014*
- *Informe xurídico emitido polo Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 20 de agosto de 2014*



- *Autorización da remodelación do parque emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de data 17 de setembro de 2014*
- *Informe da xustificación da necesidade elaborado polo Xefe do Departamento de Montes, Parques e Xardíns de data 23 de setembro de 2014*
- *Resolución de inicio do expediente por parte do Concelleiro-Delegado de Parques e Xardíns de data 23 de setembro de 2014*
- *Memoria xustificativa, procedemento de adxudicación e criterios de valoración elaborado polo Enxeñeiro de Montes, polo Xefe de Servizo de Parques e Xardíns de data 30 de setembro de 2014*
- *Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 2 de outubro de 2014*
- *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 2 de outubro de 2014*
- *Nova memoria xustificativa, procedemento de adxudicación e criterios de valoración elaborado polo Enxeñeiro de Montes, polo Xefe de Servizo de Parques e Xardíns de data 7 de outubro de 2014*
- *Prego de prescricións técnicas elaborado por Enxeñeiro de Montes e Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 7 de outubro de 2014*
- *Dilixencia de data 7 de outubro onde se expón que se anexan ao expediente nova memoria xustificativa e novo prego de prescricións técnicas adaptados ao prego de prescricións administrativas*
- *Informe da Asesoría Xurídica de data 9 de outubro de 2014*
- *Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado polo Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 15 de outubro de 2014*
- *Informe emitido pola Asesoría Xurídica de data 16 de outubro de 2014*

## *2.- Condicións definitorias do contrato:*

*Destacan as seguintes:*

### *2.1 Obxecto e cualificación xurídica do contrato:*

*O obxecto consiste no subministro e instalación de xogos infantís no parque de Castrelos. Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditos elementos, e con eles se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de “investimentos reais”.*

*O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 e) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.*

### *2.2.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:*

*A tramitación do presente expediente fázase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.*

### *2.3.- Orzamento base de licitación:*

*En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, e está establecido en base*

aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 390.000,00 €, dos que 67.685,95 € corresponden ao IVE; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estipúlase en 322.314,05€.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na partida 1710.619.00.10 "Reforma e mellora do parque infantil de Castrelos" que conta coa condición de adecuada e suficiente para a execución das obras.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto desequilibrio orzamentario ningún.

#### 2.4.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

#### 2.5.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico o prazo máximo de execución establececese en 2 meses.

#### 2.6.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 24 meses dende que se asine a acta de recepción do subministro. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

#### 2.7.- Modificación do contrato:

Non se contempla a modificación do contrato.

#### 2.8.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

#### 2.9.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe de Parques e Xardíns. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

#### 2.10.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación os criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se da importancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (100%).

##### 2.10.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

a- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA (60) puntos.

- b.- Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de VINTE(20) puntos.  
c.- Carga de Usuarios: Valorarase ata un máximo de VINTE(20) puntos.

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.

### 3.- Proposta:

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de Proxecto de remodelación do parque infantil de Castrelos que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 7 de outubro de 2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 15 de outubro 2014.

2º.- Autorizar o gasto de 390.000,00 € dos cales 67.685,95 pertencen ao IVE con cargo a partida 1710-619.00.10 "Reforma e mellora do parque infantil do Parque de Castrelos".

3º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

### Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

## **5(1196).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN/DUNHA SUBALTERNO/A PARA O SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 25733/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/10/14, do técnico de Organización, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro de área; constando fiscalizado o 23/10/14, di o seguinte:

"Con data 19 de setembro de 2014, o Xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, conformado polo Concelleiro-delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha subalterno/a, que permita desenvolver as funcións de portería e atención ao público en xornada partida de luns a sábado, na Oficina municipal de información e atención ao público do centro socio-cultural "A Miñooca", sito na rúa Fotógrafo Luis Kasado desta cidade, tales como a apertura e peche das instalacións, atención ao público e telefónica, vixilancia e control de accesos, actualización do taboleiro de anuncios, elaboración do parte de incidencias, coidado do perfecto estado do material e ferramentas utilizadas e rexistro do persoal de mantemento, reparacións e provedores que accedan á instalación.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 13 de outubro de 2014, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Participación e Atención Cidadá, nos termos da solicitude da seu Xefe do Servizo e conforme do correspondente concelleiro-delegado de data 19 de setembro pasado.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalterna da aspirante D<sup>a</sup>. Rocío Ojea González, DNI 76.914.415-T, a cal requirida telefonicamente en numerosas ocasións durante os días 13 e 14 de outubro non foi posible a súa localización, polo que o día 15/10/14 remitíuselle a través do servizo de correos notificación certificada e urxente con acuse de recibo, sen que ata esta data se teña noticia ao respecto.

En consecuencia e dada a urxencia do expediente, for requirida a seguinte aspirante da referida lista a que lle corresponde ser nomeada, resultando ser a aspirante núm. 15 D<sup>a</sup>. MARIA DEL CARMEN ALONSO OTERO, DNI 36.114.547-Q, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto. Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 1, 2, 4, 5, 7, 8, 9, 11 e 12 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 25320/220, 25476/220 e, 25478/220. Así mesmo, a aspirante que figura no posto núm. 3 ocupa a derradeira posición na lista ao ter renunciado voluntariamente nun anterior expediente e, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada. En consecuencia corresponde o nomeamento da aspirante núm. 15 proposta, tendo en conta que a mesma leva mais de seis meses dende que finalizou o seu derradeiro nomeamento interino por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do EBEP como subalterna, expte. 24173/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 12/06/13, rematando o mesmo en data 16/12/2013.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 24 de abril de 2009, que modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público

do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-Ordenanza-Porteiro) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que os/as citados/as candidatos/as superaron os

*exercicios da correspondente oposición para cubrir en propiedade prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.*

*A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá conformado polo concelleiro-delegado da Área de data 19 de outubro pasado, que obra no expediente.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 21.2 da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como é o caso.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

- f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

- *En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:



- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 10.256,10€, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Subalerno/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Participación e Atención Cidadá, contidas no escrito de data 13 de outubro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.256,10€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario/as interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. MARIA DEL CARMEN ALONSO OTERO, DNI 36.114.547-Q, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalerno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscrita ao Servizo de Atención Cidadá (cód. 321).

Cuarto.- A xornada laboral da traballadora nomeada desenvolverase de luns a sábado, en xornada partida, en horario de mañán e tarde, según ás necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios.

Quinto.- *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.